

Estudo económico
PROMOCIÓN ECONÓMICA

Expediente: CON2023000010

Referencia interna: 2023/00009285K -

Servizos asociados ao programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021: Lote 1: Deseño e desenvolvemento dun Fab Lab. Lote 2: Posta en marcha da Rede TIC 2, e a difusión do Fab Lab e a Rede TIC2. Lote 3: Deseño dun catálogo de boas prácticas en materia de usos das TIC e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industriais asentadas no Concello de Santiago de Compostela

Tipo de contrato: Servicios Procedemento: Abierto

1. OBXECTO E XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO

O presente documento constitúe a memoria económica xustificativa do orzamento base de licitación para a contratación por procedemento aberto multicriterio, por lotes, dos servizos de deseño e posta en marcha do programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO”, integrado polo deseño e desenvolvemento dun fab lab (lote 1), a posta en marcha da e a REDE TIC2 e a difusión do fab lab e a rede tic2 (lote 2), e un catálogo de boas practicas en materia de usos das tic e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industrias asentadas no concello de Santiago de Compostela (lote 3) no marco da operación “Faino Tí” da EDUSI REVIVE de Santiago de Compostela, financiada nun 80% con cargo ao POPE 2014-2020.

2. FINALIDADE E XUSTIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN

A operación “Faino Tí”, incluída na Liña de Actuación 1 da EDUSI REVIVE do concellos de Santiago de Compostela, pretende difundir as competencias tecnolóxicas, as competencias básicas e as habilidades de resolución de problemas asociadas ao desempeño dun emprego entre as novas xeracións dos barrios máis desfavorecidos e, ao mesmo tempo, quere achegar o potencial das innovacións tecnolóxicas a poboación maior e os oficios tradicionais desenvolvidos nos barrios de Santiago de Compostela, para dotar destes barrios e comercios con posibilidades de reformulación e consolidación económica. O obxectivo da operación é fortalecer as capacidades tecnolóxicas e de innovación dos grupos máis desfavorecidos nos barrios da cidade de Santiago, a fin de promover a medio prazo a renovación e consolidación dos comercios tradicionais e o lanzamento de iniciativas empresariais relacionadas co tecido industrial dos barrios, que fan uso destas habilidades tecnolóxicas.

Dentro desta operación, están prevista unha acción dirixida a achegar aos barrios experiencias e metodoloxías, que normalmente operan en espazos fortemente especializados como centros de innovación ou tecnolóxicos ou feiras especializadas. Os obxectivos específicos desta acción son:

- i. Mellorar a sensibilidade tecno-científica da mocidade dos barrios e rural de Compostela.
- ii. Implantar dinámicas de colaboración na realización de proxectos relacionados co tecido socioeconómico do barrio.

Estudo económico **PROMOCIÓN ECONÓMICA**

- iii. Achegar equipamento e maquinaria necesaria para o desenvolvemento dos proxectos tecnolóxicos á mocidade, favorecendo o coñecemento e manexo deses aparellos e da súa tecnoloxía.
- iv. Mellorar o coñecemento e a valoración da cidadanía sobre o seu patrimonio industrial e a capacidade de innovación do seu territorio

Esta acción se articulará a través de tres actuacións diferenciadas:

- a. A posta en marcha dun FabLab (fabrication laboratory) que achegue a cultura maker e as posibilidades tecnolóxicas aos oficios e industrias tradicionais dos barrios, e aos colectivos máis desfavorecidos dos barrios (nomeadamente á mocidade), de xeito que, ao finalizar a operación, operarios de oficios tales como modistas ou zapateiros, deben ser capaces de coñecer tecnoloxías tales como a impresión 3D ou a realidade aumentada, e ser capaces de valorar a aplicación (ou aplicar directamente) estas tecnoloxías aos seus oficios, facendo posible a innovación en oficios tradicionais.
- b. A posta en marcha dunha rede de reciprocidade en materia TIC, artellada a través dun Espazo de Transferencia interxeneracional de coñecementos TIC (Rede TIC2), de xeito que mediante esta rede a mocidade dos barrios axudará aos veciños maiores a aprender as oportunidades que ofrecen as TIC no desenvolvemento da vida cotiá, en funcións tales como a compra electrónica, as relacións coa Administración sanitaria ou a posibilidade de aplicación das TIC ao consumo colaborativo. Ademais, poranse a disposición unidades divulgativas que permitan transferir á infancia e as familias a aplicación da cultura maker e o procesos de resolución de problemas na súa aplicación práctica aos negocios tradicionais, como medio de posta en valor da importancia da cultura maker e as oportunidades dos coñecementos STEM para a construción dunha cidade sostible.
- c. A identificación de boas prácticas en uso das TIC's, o talento STEM e a investigación científica que poidan ser aplicadas á xestión de oficios tradicionais e industrias asentadas nos barrios de Santiago de Compostela.

Faino Tí contribuirá así á consecución das metas da Estratexia DUSI de Santiago de Compostela no OT9 e á promoción da inclusión social, a través da redución do gap tecnolóxico, e mediante unha estratexia de intervención que empodere aos colectivos con maiores dificultades de acceso á tecnoloxía (mulleres desempregadas, maiores, e mozas dos barrios). Apostamos novamente por unha estratexia de intervención integral que empodere aos colectivos con maiores dificultades de acceso á tecnoloxía, como elemento integral de inclusión social na actualidade, á vez que se promove a recuperación e posta en valor dos oficios tradicionais, promovendo así a rexeneración económica dos barrios.

3. ANÁLISE ECONÓMICO **a. Bases para a cuantificación**

PRIMEIRO.- Prevé o Artigo 102 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, respecto do prezo dos contratos.

«1. Os contratos do sector público terán sempre un prezo certo, que se abonará ao contratista en función da prestación realmente executada e de acordo co pactado. No

Estudo económico PROMOCIÓN ECONÓMICA

prezo entenderase incluído o importe para abonar en concepto de Imposto sobre o Valor Engadido, que en todo caso indicárase como partida independente.

2. Con carácter xeral o prezo deberá expresarse en euros, sen prexuízo de que o seu pago poida facerse mediante a entrega doutras contraprestacións nos casos en que esta ou outras Leis así o prevexan. (...)

Sinalando o apartado 3º e seguinte.-

«Os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado, no momento de fixar o orzamento base de licitación e a aplicación, no seu caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Naqueles servizos nos que o custo económico principal sexan os custos laborais, deberán considerarse os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables no lugar de prestación dos servizos.

4. O prezo do contrato poderá formularse tanto en termos de prezos unitarios referidos aos distintos compoñentes da prestación ou ás unidades da mesma que se entreguen ou executen, como en termos de prezos aplicables a tanto alzado á totalidade ou a parte das prestacións do contrato.»

Faise así mención pola normativa administrativa, aos tres sistemas tradicionais de fixación do prezo do contrato: Por prezo unitario, por tanto alzado e, por administración.

SEGUNDO.-

Establece sobre a determinación do prezo dun contrato, a Resolución TACRC 730/2015, do 30 de xullo de 2015:

Respecto diso, con carácter previo debe lembrarse que este Tribunal ten declarado que a determinación do prezo do contrato ten a consideración de criterio técnico e, como tal, está dotado de discrecionalidade técnica. Así, na Resolución 358/2015 anticipábase respecto dos criterios tidos en conta para a determinación do orzamento de licitación polo órgano de contratación que: "... ao tratarse de criterios netamente técnicos gozarían dunha discrecionalidade, propia das valoracións técnicas dos órganos de contratación, en tanto non quede completamente acreditado que se incorreu nun erro na apreciación.

Podemos dicir, finalizando isto que manifestamos que, fronte a esa concreción no prezo do ente adxudicador, no que debemos presumir un acerto propio do que é coñecedor das cuestións técnicas do contrato que se convocou noutras ocasións, coñece suficientemente este e os prezos a que pode enfrontarse o mercado, establecendo, dentro das súas potestades propias como tal órgano adxudicador, un prezo do contrato que, desde este punto de vista, gozaría dunha presunción análoga, á que teñen as manifestacións técnicas dos órganos de contratación, cando se debaten polos licitadores as mesma, mediante argumentos escasamente acreditados ou, como nos ocorre no presente caso, vacuas de norma proba, e non estamos a falar doutra cousa que da discrecionalidade técnica que acompaña a este tipo de valoracións cualificadas por técnicos e efectuadas polos órganos competentes do ente que licita o contrato, fronte ás que poderá alegarse en contra polos interesados, pero onde esas alegacións carecerán, en principio de toda

Estudo economico PROMOCIÓN ECONÓMICA

validez, cando discutan cuestións meramente técnicas sen acompañarse de proba suficiente e salvo, loxicamente que quede acreditado un manifesto erro na actuación desenvolvida neste ámbito polo órgano de contratación, e con iso podemos remitirnos ás numerosas resolucións ditadas por este Tribunal en materia da discrecionalidade técnica que, como dicimos antes, debe acompañar tamén as decisións adoptada na elaboración do obxecto contractual, a fixación dos prezos e o seu reflexo nos documentos contractuais”»

Doutra banda, o contrato que se tramita, en calquera dos seus tres lotes, pódese considerar un contrato de resultado, ou un contrato con obrigacións de resultado. Aínda que existe certa discusión sobre a distinción entre obrigacións de resultado e obrigacións de medios, parece indubidable que existen importantes particularidades diferenciadoras entre a variedade de contratos de servizos. Un contrato de servizos de conciliación podería considerarse que deriva en obrigacións de medios exclusivamente: trátase de proveer o servizo de conciliación a nais e pais mediante o exercicio horario dunhas funcións para conseguir un resultado (coidado de nenos e nenas en horario laboral e extraescolar), pero sen o compromiso de conseguir un resultado específico, só a obrigación de aplicar a máxima dilixencia profesional dos medios.

Existen outros contratos de medios que si incorporan obrigacións de resultado: a contratación de servizos de limpeza, ademais de requirir un compromiso de medios profesionais, pode incluír obrigacións que requiren certos resultados durante o transcurso do contrato. Nestes dous casos pódese realizar algún estudo específico sobre o custo dos medios postos a disposición no contrato, en base a gastos de persoal, materiais, seguros de responsabilidade, etc. Con todo, no caso da contratación de servizos relacionados coa posta en marcha dun FAB LAB e unha rede colaborativa de difusión de prácticas TIC, poderíase considerar que practicamente xera unha obrigación dun resultado. Resulta extremadamente difícil, se non imposible, establecer unha correspondencia entre os recursos (fundamentalmente tempo) empregados neste tipo de traballo intelectual e o resultado, extremo no podería chegar a facerse una aproximación no caso do LOTE 3, xa que o seu resultado implica o traballo intelectual de traballadores que poderían ser postos a disposición da execución deste lote, pero sempre coa expectativa última da entrega dun resultado (un catálogo de boas prácticas), como elemento necesario para o cumprimento do contrato a plena satisfacción da Administración. Poderíase chegar a interpretar que mentres que nun contrato con obrigacións exclusivamente de medios págase unha remuneración referible, por tanto, aos prezos unitarios de custos laborais establecidos nun convenio colectivo), aínda que non se consiga o resultado desexado, nun contrato con obrigacións de resultado págase o resultado.

Adicionalmente, aínda que fora posible reconducir os custos do contrato a costes referidos nun convenio colectivo de referencia (sendo, neste caso, o convenio de consultaría o máis acaído), tamén é certo que tal criterio non introduciría certeza na determinación do prezo, xa que o servizo podería ser prestado por profesionais independentes; e neste caso, o criterio mais axeitado para determinación do prezo do contrato serían os honorarios profesionais marcados.

Estudo económico PROMOCIÓN ECONÓMICA

POLO TANTO,

No caso da contratación por procedemento aberto multicriterio, por lotes, contratación por procedemento aberto multicriterio, por lotes, dos servizos de deseño e posta en marcha do programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO”, integrado polo deseño e desenvolvemento dun fab lab (lote 1), a posta en marcha da e a REDE TIC2 e a difusión do fab lab e a rede tic2 (lote 2), e un catálogo de boas practicas en materia de usos das tic e talento stem relacionado con oficios tradicionais e industrias asentadas no concello de Santiago de Compostela (lote 3) no marco da operación “Faino Tí” da EDUSI REVIVE de Santiago de Compostela, financiada nun 80% con cargo ao pope 2014-2020, considérase que a forma de determinación de prezo máis axeitada para garantir que o prezo sexa adecuado a prezos de mercado é **un sistema mixto que combina:**

Estudo económico PROMOCIÓN ECONÓMICA

- No Lote 1, a determinación do prezo a tanto alzado

LOTE 1. FAB LAB & REDE TIC2								
Unidade de medida	Nº de unidades	Prezo Unidade	Total					
COSTES DIRECTOS			79.000,00 €					
Equipamento & dotación sala Fab Lab			30.000,00 €					
Custe formación /edición Academia Fab Lab	4	10.000,00 €	40.000,00 €					
Custe materiais /edición Academia Fab Lab	4	2.000,00 €	8.000,00 €					
Coordinación xeral programa. Horas de traballo	50	20,00 €	1.000,00 €					
Gastos xerais (13% do total do programa)			10.270,00 €					
PREZO LICITACIÓN TOTAL LOTE 1 (sen IVE)			89.270,00 €					
<i>IVE(21%)</i>			18.746,70 €					
PREZO LICITACIÓN (IVE ENGADIDO)			108.016,70 €					
VALORESTIMADO DO CONTRATO			89.270,00 €					
				OUTROS CÁLCULOS DE INTERESE				
				Custo directo global	Asistentes	Custo/asistente	Custo/edición	
				Fab lab Academia. Custos por asistente ou edición	48.000,00 €	80	600,00 €	12.000,00 €
				Rede Tic2. Custe/asistente	- €	300	- €	- €
				Custes directos segundo a súa natureza	79.000,00 €			
				Subministrados	38.000,00 €	48,1%		
				Servizos	41.000,00 €	51,9%		



UNIÓN EUROPEA
 Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
 Unha maneira de facer Europa

Estudo economico PROMOCIÓN ECONÓMICA

- No Lote 2, a determinación de prezo a tanto alzado.

Total do lote sen gastos xerais				63.100,00 €
Custe edición Rede TIC2		8	4250	34.000,00 €
Outras actividades a realizar no despregamento da REDE TIC2; horas de traballo		120	20	2.400,00 €
Elaboración de unidades de divulgación e actividades de divulgación (Horas)		600	35	21.000,00 €
Difusion en medios				3.500,00 €
Coordinación sistema de coformación. Horas de traballo		75	20	1.500,00 €
Coordinación xeral programa. Horas de traballo		35	20	700,00 €
Gastos xerais (13% do total do programa)				8.203,00 €
PREZO LICITACIÓN TOTAL LOTE 2 (sen IVE)				71.303,00 €
IVE (21%)				14.973,63 €
PREZO LICITACIÓN (IVE ENGADIDO)				86.276,63 €
VALOR ESTIMADO DO CONTRATO				71.303,00 €

Estudo economico
PROMOCIÓN ECONÓMICA

- No Lote 3, a determinación do prezo segundo custos salariais.

Grupo A	17.512,35 €	1.233,97 €	18.746,32 €	1.562,19€	11.716,45€	5	667,82	12.384,27€
Castos xerais (4,5% do total do programa)								557,29€
Beneficio Industrial (65%)								776,49€
PREZO LICITACIÓN TOTAL (sen IVE)								13.718,06 €
<i>IVE (21%)</i>								<i>2.880,79 €</i>
PREZO LICITACIÓN (IVE ENGADIDO)								16.598,85 €

	Prezo Se IVE	IVE	Total (Ano 2023)
LOTE 1. FAB LAB & rede tic2	89.270,00 €	18.746,70 €	108.016,70 €
LOTE 2. DIFUSION RESULTADOS	71.303,00 €	14.973,63 €	86.276,63€
LOTE 3. BOAS PRÁCTICAS	13.718,06 €	2.880,79€	16.598,85 €

b. Índices correctores

Non aplican

4. PRESUPOSTO MÁXIMO DE LICITACIÓN

O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE que deberá soportar a administración, fíxase en: 174.291,06 €

Orzamento	€
Orzamento de licitación	174.291,06 €
(21)% de I.V.A.	36.601,12 €
Orzamento xeral contratación	210.892,18 €

O orzamento asignado ao desenvolvemento do contrato por lotes e exercicios orzamentarios (anualidades) é o seguinte:

	Total	
	2023	
Orzamento de licitación	174.291,06 € Dos cales Lote 1: 89.270,00 Lote 2: 71.303,00 € Lote3: 13.718,06€	174.291,06 € Dos cales Lote 1: 89.270,00 Lote 2: 71.303,00 € Lote3: 13.718,06€
(21)% de I.V.A.	36.601,12 €	36.601,12 €
Total Orzamento	210. 892,18 €	210. 892,18 €